

Acta Reunión Extraordinaria Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 11 de marzo de 2015

Hora: 12:30

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Purificación Cariñena Amigo

Antonio Mosquera González

Francisco Omil Prieto

M.Carmen Palacios Oubiña

Julia González Álvarez

Ausencias xustificadas: David Losada Carril

PUNTO ÚNICO: Aprobación das alegacións aos Informes Provisionais de Acreditación das Titulacións de Grao en Enxeñaría Informática e Máster en Enxeñaría Ambiental.

O Sr. Director informa de que as respectivas comisións das dúas titulacións aprobaron os documentos de alegación aos Informes Provisionais de Acreditación.

O Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental indica que se partiu como base do documento enviado pola área de Calidade da USC, e se elaborou a proposta que consta dunha carta de resposta, o documento propiamente dito onde se recollen as 16 accións de mellora propostas por Calidade, e 9 adicionais propostas desde a titulación, e que serán parte dun plan plurianual, e dous anexos enviados por Calidade con información sobre o plan de formación do PDI e PAS e sobre a Certificación do SGIC.

Debido a ausencia do Coordinador do Grao en Enxeñaría Informática, o Sr. Director informa no seu lugar que nesta titulación elaborouse tamén o informe de resposta partindo do documento enviado por Calidade, engadindo ás 18 accións propostas nel 7 accións específicas do Grao. Moitas das accións propostas fan referencia a accións xa recollidas no plan estratéxico do centro, e no plan de mellora elaborado como resposta ao informe de seguimento da ACSUG do ano pasado. Tamén se incluírán os anexos sobre formación do PDI e PAS asociados á titulación e Certificación do SGIC.

Apróbanse por unanimidade as alegacións para ambas titulacións.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 12:40 h.